11N

FOLGA XERAL

EU VOU! ››› UGT



SALARIOS · VIVENDA · PREZOS

SALARIOS DIGNOS E VIVENDA ACCESIBLE

A vivenda come o teu salario. **É hora de actuar.**

Traballar debería permitirnos vivir con dignidade. Pero o custo da vivenda converteuse nun dos principais factores de desigualdade e empobrecemento para a clase traballadora.

A mocidade sofre especialmente esta situación, mais o problema atínxenos a todos e todas.

Por salarios suficientes e unha vivenda ao alcance das persoas traballadoras!

Por que nos mobilizamos?

Porque traballar non debería condenarnos a non poder vivir.

- Xente nova que non pode emanciparse.
- Familias que destinan a gran maioría dos seus ingresos a pagar a vivenda.
- Traballadoras que só poden permitirse unha habitación individual ou que se ven condenados a situacións de exclusión residencial.
- Persoas que rexeitan empregos ou realoxos porque non poden afrontar o custo de vivir no seu destino.

Se a vivenda consome o 70 % ou máis do teu salario, que che queda para vivir?

QUE REIVINDICAMOS?

Salarios dignos.
Vivenda accesible.
Mellores condicións laborais.

Subidas salariais: incrementos do 4 % anual no marco do Acordo Estatal de Negociación Colectiva (AENC), ata o 7 % para os salarios máis baixos, e unha cláusula de revisión salarial.

Negociación colectiva: desbloquear os convenios paralizados e renovar o AENC.

Vivienda asequible: incorporar complementos salariais para facilitar o acceso á vivenda, alcanzar un parque de polo menos 1,5 millóns de vivendas públicas, protexidas e permanentes nunha década, limitar o aluguer en zonas tensionadas, freo aos alugueres turísticos e protección fronte aos desafiuzamentos.

Mellores condicións laborais: avanzar cara á redución da xornada e garantir uns salarios suficientes para vivir con dignidade.

SE O TRABALLO NON DA PARA VIVIR, PARAMOS O PAÍS

O 11 de novembro damos un paso adiante.


Esta é unha **folga xeral de 24 horas,** convocada para defender salarios dignos, convenios desbloqueados e acceso a unha vivenda accesible.

Cada territorio e cada sector concretarán como se participa: **paros, asembleas, concentracións e manifestacións.**

Non é una folga contra ningún partido político.

Esiximos solucións a todos os responsables, tanto nos gobernos e administracións públicas como na patronal, que deben negociar e desbloquear os convenios.

Os prezos soben e os salarios non avanzan ao mesmo ritmo. A loita pola vivenda é tamén unha loita laboral.



UGT